

A DÚAS MANS

Compartindo o espacio físico do libro, que non a súa escrita por canto conforman apartados independentes, José Manuel Barbosa e Roi Brâs son os autores de *Ámago/Mágoa*, un volume onde se poñen de manifesto as inquedanzas íntimas vencelladas ó amor e á desesperanza -que son dúas caras da mesma moeda para Barbosa cando escribe “*Bebo os cristais da tua ausência/ como quem bebe tijolos de distância/ na madrugada*”- pero tamén adquieren unha dimensión colectiva e grupal na denuncia que se combina coa metaliteratura por ser o verso un vehículo axeitado: “*Acaso en cada verso/ atope unha color/ para sinalar/ expresamente/ cada berro de dor*” (Brâs). Polo tanto, dúas son as poéticas, dúas as mans e un só, o libro.

Tempos Novos, 64, setembro 2002, p.72.